VÍDEO INCRUSTADO

O recurso etiqueta permítelle ao profesorado incrustar un vídeo como un recurso do curso.

COPIAR UN HIPERVÍNCULO DO VÍDEO

A continuación indícase como copiar obter o hipervínculo para incrustar un vídeo como recurso externo:

1. Localice o recurso que quere empregar no curso. Neste caso será un vídeo de YouTube.
2. Preme a opción **COMPARTIR** que aparece ao pe do vídeo.



cc BY NC SA

3. Das opción que aparecen seleccione **Insertar**.



4. Na xanela que emerxerá á dereita, seleccionar **COPIAR**



EDITAR VIDEO INCRUSTADO

1. Activar o **Modo Edición**, premendo en **Activar a edición.**



2. Localizar o vídeo que se vai a editar, neste caso **Vídeo incrustado**.
3. Premer o botón **Editar** que aparecerá á dereita do nome da etiqueta Vídeo incrustado.
4. Das opcións que aparecen, premer **Editar a configuración.**



 CC BY NC SA

5. Na xanela que emerxerá:
   5.1. Cambiar o texto o elimalo.
   5.2. Premer a **Barra Toggle**, para acceder a tódalas funcións do editor de texto.



5.3. Das opcións do editor de texto, premer **Editar código HTML**



5.4. Seleccionar o código HTML do vídeo que está agora incrustado. Para identificarlos saber que empezan con **<p><iframe** e rematan **</iframe></p>.**

5.5. Unha vez que teña **seleccionado o código HTML** (premendo o botón esquerdo do rato), **pegar o código HTML do novo vídeo**, para o cal deberá premer o botón dereito do rato e das opcións que aparecen, premer **Pegar**.



5.6. A continuación premer **Actualizar.**

5.7. Finalmente premer **Gardar e volver ao curso.**

Peggy_Marco. Signo de interrogación. En [Pixabay](). [Pixabay License]()

A atribución da propiedade intelectual dun recurso (imaxe, vídeo,..) consiste basicamente en achegar os datos suficientes para identificalo recurso, ao seu autor ou autora, o seu lugar de orixe así como a licenza coa que está publicado. Ademais, débese incluír ligazóns á fonte do recurso e aos termos da licenza.

As imaxes, vídeos... que insiramos no curso virtual **deben levar sempre, nunha fila debaixo do recurso, un texto no que se indique o autor/a, título, fonte orixinal (se é allea) e a súa licenza.**

CC BY NC SA